

## **BASES AXUDAS A ESTUDIANTES CURSO 2020/2021**

**Base 1.- OBXECTO.-** O Concello de Boiro ten por obxecto o establecemento de axudas económicas ao alumnado matriculado en centros públicos que necesite desprazarse ou residir fora do domicilio por razón de estudos, fóra do termo municipal. A dotación total da presente convocatoria será de 5000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 326/48000.

Non se inclúen nesta convocatoria:

-As bolsas para a realización de estudos correspondentes ao terceiro ciclo ou doutorado.

-Estudos de especialización nin títulos propios das universidades.

-Estudos que non formen parte do sistema universitario galego, ou ben que non formen parte da oferta educativa da Consellería de Educación, Xunta de Galicia.

- Centros de estudos privados ou academias de preparación de estudos.

Estas bolsas serán compatibles con outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade.

### **Base 2.- SOLICITANTES.-**

Poderán participar nesta convocatoria o alumnado que curse estudos técnicos, medios ou superiores que non poidan ser cursados no Concello de Boiro, que reúnan os seguintes requisitos:

2.1.- Estar empadroadas/os en Boiro, cunha antigüidade mínima da persoa solicitante de 2 anos.

2.2.- Ter unha idade máxima de 27anos no momento da solicitude.

2.3.- Non ter repetido curso no ano anterior.

### **Base 3.- DOCUMENTACIÓN.-**

As solicitudes preséntanse no modelo normalizado que se achega ao final destas bases(ANEXO I), e que tamén se poderán conseguir na páxina [www.boiro.org](http://www.boiro.org) ou na Oficina de Información Xuvenil(OMIX).

Ás solicitudes achegaráselles a seguinte documentación:

3.1.- DNI da persoa solicitante

3.2.-Certificado ou volante de empadramento da unidade familiar no Concello de Boiro no que conste unha antigüidade mínima da persoa solicitante de 2 anos.

3.3.- Certificación da conta bancaria.

3.4.- Copia da matrícula.

3.5.- Copia do Contrato de Aluguer ou certificado de aloxamento en residencia universitaria

3.6.- Documentación que acredite:

- A nota media do expediente académico.
- A porcentaxe das sinaturas ou créditos matriculados en convocatoria ordinaria ou extraordinaria superados no curso anterior, ou no caso de ser o primeiro ano a puntuación da nota ou proba de acceso.

3.7.- Certificación, no seu caso, de discapacidade da persoa solicitante, condición de familia numerosa, familia monoparental e orfandade total ou parcial.

3.8.- Certificación de desemprego da/do titor/a/es legais ou persoas ao cargo onde figure a temporalidade como demandante de emprego .

3.9- Outra documentación que se estime oportuna non recollida nos apartados anteriores.

#### **Base 4.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACION DE SOLICITUDES.-**

As solicitudes deberanse presentar no Rexistro Xeral do Concello de Boiro no prazo de quince días hábiles contados a partir da publicación do extracto da convocatoria no BOP da Coruña.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación deberá ser subsanado no prazo de 10 días hábiles dende a recepción do requirimento. De non facelo, arquivarase a solicitude e non terá dereito a reclamación.

#### **5.- CONCESIÓN DAS BOLSAS.-**

5.1.-A concesión das bolsas realizarase mediante un réxime de concorrencia competitiva, por resolución da Xunta de Goberno Local, de acordo coa delegación de atribucións realizadas por Decreto de Alcaldía de 09/07/2019, previa proposta motivada dunha comisión avaliadora, que estará composta por:

- Presidente: Alcalde ou concelleira/o en quen delegue.
- Secretario/a: O/A secretario/a da corporación, ou funcionario/a en quen delegue, que actuará como secretario/a da comisión, con voz pero sen voto.
- Vogais:
  - Concelleira de Educación.
  - 1 técnica/o, designado pola Concelleira de Educación, encargada da supervisión da documentación.

5.2.-A adxudicación realizarase en función da seguinte puntuación:

- Familia monoparental: 2 puntos
- Familia numerosa: 1 punto
- Orfandade do/a proxenitor/a: 2 puntos
- Orfandade absoluta: 3 puntos
- Discapacidade do/a solicitante: 1 punto

- Nota de expediente académico:
  - de 5,000 puntos ata 6,000: 1 punto
  - de 6,001 puntos ata 7,000: 2 puntos
  - de 7,001 puntos ata 8,000: 3 puntos
  - de 8,001 puntos ata 9,000: 4 puntos
  - de 9,001 puntos ata 10: 5 puntos
- Desemprego
  - Desemprego continuado de 1 proxenitor/a, de 6 meses ou máis: 1 punto
  - Desemprego continuado de 1 proxenitor/a, de menos de 6 meses: 0`5 puntos.
  - Desemprego continuado de 2 proxenitores, de 6 meses ou máis: 2 puntos.
  - Desemprego continuado de 2 proxenitores, de menos de 6 meses: 1 puntos.
- Residencia e transporte:
  - Reside fóra do termo municipal de Boiro e dispón de contrato de aluguer: 3 puntos.
  - Reside no termo municipal e non dispón de contrato de aluguer: distancia ao centro de ensino matriculado, en quilómetros só de ida:
    - Máis de 60,01 km: 3 puntos
    - Entre 30 e 60 km: 2 puntos
    - Entre 15 e 29,99 km : 1 punto

5.3.-Unha vez realizados os baremos e establecidas as puntuacións, as bolsas distribuiranse do seguinte xeito:

- De 1 a 5 puntos: Beca contía básica de 100 euros.
- Entre 6 e 8 puntos: Beca contía intermedia de 150 euros.
- Máis de 8 puntos: Beca contía máxima de 200 euros.

5.4.- Para obter algunhas das bolsas especificadas no apartado anterior a comisión de valoración terá en conta en primeiro as de maior puntuación ata esgotar a partida orzamentaria. En caso de empate, resolverase por sorteo público a celebrar ante a comisión avaliadora,do que se levantará a acta correspondente.

5.5.- A concesión das bolsas especificadas no apartado 5.3 rematará unha vez esgotada a partida orzamentaria contida nesta convocatoria. No caso de que se incremente a aplicación orzamentaria para o mesmo fin, poderán optar a dita convocatoria aquelas persoas que xa tiveran presentada a documentación de acordo co establecido nas Bases desta 1ª

convocatoria, e que, cumprindo os requisitos, quedaran foran da concesión por falta de consignación presupostaria.

5.5.A resolución da convocatoria ao abeiro do disposto nestas bases farase pública na páxina web do Concello de Boiro ([www.boiro.org](http://www.boiro.org)), nos taboleiros de anuncios da Casa do Concello, e na Base de Datos Nacional de Subvencións e será notificada polo procedemento que indiquen na solicitude a todas as persoas solicitantes de forma fidedigna. En todo caso esta resolución farase pública nun prazo máximo de dous meses desde o peche da convocatoria.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

5.6.Toda alteración das condicións para a concesión da axuda poderá dar lugar, no seu caso, á modificación do acordo.

**ANEXO I. SOLICITUDE BOLSAS A ESTUDANTES 2020/2021**

Concellería de educación do Concello de Boiro

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>			
<b>APELIDOS :</b>		<b>NOME :</b>	
DNI	Data nacemento	Idade	Nº teléfono
e-mail			
Autorizo a NOTIFICARME no enderezo de correo electrónico		<b>SI</b>	<b>NO</b>
Enderezo			
<b>DATOS ACADÉMICOS</b>			
Estudos que realiza			
Localidade do Centro de ensino			
<b>DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA (debe ser orixinal ou estar cotexada)</b>			
<input type="checkbox"/>	DNI da persoa solicitante		
<input type="checkbox"/>	Volante de empadramento da unidade familiar no que conste antigüidade mínima de 2 anos		
<input type="checkbox"/>	Certificado dos datos bancarios da persoa solicitante		
<input type="checkbox"/>	Certificado ou resgado da matrícula		
<input type="checkbox"/>	Copia do contrato de aluguer		
<input type="checkbox"/>	Documentación que acredite onde conste a nota media do expediente académico ou a porcentaxe das sinaturas ou créditos matriculados		
<input type="checkbox"/>	Certificado de minusvalías, condición de familia numerosa, familia monoparental e orfandade total ou parcial		
<input type="checkbox"/>	Certificación de desemprego do/a titor/a/es legais ou persoas ao cargo onde figure a temporalidade como demandante de emprego		
Boiro, ..... de ..... de .....2020			
A persoa solicitante / nai / pai ou titor/a legal.			
Asdo.: _____			
D.N.I . _____			

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIRO**

Dilixencia para facer constar que estas bases foron aprobadas na XGL de data 28/10/2020